



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia para a realización de actividades de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou co Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende o 4 de abril ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto fixar as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

Que ambas as dúas entidades foron conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón da lingua.

Que ambas as partes foron conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade.





Que, de acordo co citado marco legal, lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.

Que pola singularidade do seu obxecto, que perseguíu unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolveron ao abeiro do convenio e, tendo en conta, que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fixo extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia, ANPE-GALICIA, CSI-F Galicia, UGT Galicia e a CIG, non resultou posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluíron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de setembro de 2017.

(asinado dixitalmente)

